<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
17	Making a Difference	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos.	PE	60
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar criticamente os contidos dos textos propostos.		
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplicar estratexias de reading e listening		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking.		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Participar en situacións interactivas con achegas propias.		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Aplicar estratexias comunicativas		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.	TI	40
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Transmitir unha mensaxe oral apoiándose en xestos, debuxos ou, puntualmente, a tradución ao español.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar no seu portfolio os contidos adquiridos durante a presente unidade didáctica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers

Contidos

- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na parte de inglés, a materia preséntase nun contexto real tanto no oral como no escrito. Este curso 2023-24 o alumnado empregará de apoio o libro Teamwork 1 de Burlington (Student's Book, Workbook e Basic Practice) , no seu formato en papel e dixital. A profesora achegará ao alumnado material adicional en papel para favorecer a aprendizaxe daqueles aspectos nos que o alumnado amose maior dificultade.

Levaranse a cabo diversas actividades comunicativas que permitan aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real. Neste senso, temos a axuda dun lector nativo que acode á aula unha vez cada dúas semanas. Tamén hai unha unidade de repaso pensada para a avaliación final. Esta inclúe exercicios de repaso do vocabulario e a gramática e actividades para pór en práctica as habilidades adquiridas.

Canto á parte que comprende as asignaturas de lingua castelá, lingua galega e xeografía e historia, as concrecións metodolóxicas empregadas son as seguintes:

Comezarase cada unha das unidades cun remuíño de ideas, un xogo de repaso ou cunha actividade de consolidación co obxectivo de introducir os conceptos clave que se tratarán na unidade ou afianzar os tratados na unidade anterior, relacionándoos así cos seus coñecementos previos para ir engadindo os aspectos que non coñezan e facendo máis fácil a súa adquisición.

A profesora encárgase de crear as unidades didácticas e de facilitar o acceso do alumnado a elas a través da plataforma dixital E-Dixgal, xa que contan cun ordenador propio. Durante o desenvolvemento da unidade realizaremos actividades de diverso tipo e empregaremos unha metodoloxía activa, que afonde na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. Ao final de cada unidade farase un repaso xeral daqueles aspectos que resultaron máis dificultosos ou que xeraron dúbidas. Isto afianzará o proceso de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador portátil de Edixgal
Plataforma dixital Edixgal
Caderno
Materiais elaborados pola docente
Recursos audiovisuais
Taboleiro dixital
Altofalantes
Material bibliográfico dixital ou físico: xornais, dicionarios, blogs, revistas, etc.

Biblioteca do centro
Libros de lectura
Plataformas educativas con xogos de repaso das unidades: Wordwall, Bamboozle, Kahoot, Glogster, Canva e Genially
Libro Teamwork 1 de Burlington (Student's Book, Workbook e Basic Practice)

Cada alumno/a conta cun ordenador portátil a través do cal pode acceder a E-Dixgal (na materia de Inglés empregárase a Aula Virtual do IES Martaguisela), onde terán todo o material que necesitan. Empregarase o ordenador tamén para facer outro tipo de actividades online, como buscas de información ou xogos, entrega de traballos, etc. Ademais disto, traballaremos con materiais manipulativos para as actividades orais, con vídeos e audios para realizar actividades de comprensión e cun caderno para facer actividades e tomar apuntamentos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na materia de Inglés, a avaliación inicial desenvolverase mediante:

1. a realización dun test escrito ("Diagnostic test") que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso.
2. Actividade oral no que cada alumno desenvolva a destreza lingüística oral (por exemplo, "Truths and lies" ," detective games" ou "Find someone who" ..etc)

Nas materias de lingua castelá, lingua galega e Xeografía e Historia, a avaliación inicial consistirá no seguinte:

- Comprensión lectora dun texto en castelán e outro en galego, que permitirá ver a comprensión lectora en ambas linguas.
- Preguntas breves sobre contidos tratados o curso anterior como os tipos de texto e as categorías gramaticais, que axudarán a ver o coñecemento que ten cada un de ambas linguas e tamén da materia de xeografía e historia.
- Expresión escrita a través dunha redacción de elaboración propia.

Estas probas realizaranse co fin de coñecer o punto de partida real do curso que comeza, os intereses e motivacións do alumnado e as relacións entre eles para poder adaptar a metodoloxía, as actividades, os traballos en grupo e os materiais. Levarase a cabo durante as primeiras semanas do curso para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral e de cada alumno/a en particular. A partir da interpretación dos datos obtidos, xunto co DO, estableceranse as medidas oportunas de acordo ás necesidades específicas detectadas, como pode ser un posible reforzo ou unha atención máis individualizada.

Para isto farase unha xuntanza na que intervirán a persoa titora do grupo, o DO e o resto do equipo docente da aula, procurando unha solución axeitada para solventar as posibles dificultades detectadas.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que sexan necesarias. De ser preciso, solicitarase á xefatura do DO a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	9	10	9	9	10	10	2	2
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	55	55
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	45	45

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	2	4	3	3	3	3	3	100
Proba escrita	60	50	60	55	75	60	60	60
Táboa de indicadores	40	50	40	45	25	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación na materia de Inglés é continuada e progresiva. O peso de cada trimestre na nota final será o seguinte:

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A nota de cada avaliación estará desglosada do seguinte modo: o 60% será a media das probas escritas que se leven a cabo na aula ao longo do trimestre. O 40% restante serán as tarefas que realice o alumnado tanto na aula como na casa (traballo diario na aula, participación en actividades comunicativas e orais, proxectos, redaccións). Polo tanto, daráselle grande importancia ao esforzo e traballo do alumno.

No que respecta aos exames:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 30%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. **PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 20%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. **INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. **MEDIACIÓN (CA1.8 + CA1.9): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. **PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7 **INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,55.

Nas materias de Lingua Galega, Lingua Castelá e Xeografía e Historia o peso de cada trimestre na nota final distribuirase da seguinte maneira:

O primeiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

En cada unha das avaliacións, nas materias de lingua castelá e lingua galega, os criterios de cualificación serán os que aparecen a continuación:

A) **Probas escritas (60%):** faranse como mínimo dous exames por avaliación, nos que se incluírán os contidos vistos na aula según establece o DECRETO 156/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen a ordenación y el currículo de la educación secundaria obligatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia..

B) **Expresión oral (10%):** realizarán exposicións orais de traballos de investigación propostos polo profesorado. Tamén se farán lecturas en voz alta na aula. Non se aceptarán entregas de traballos fóra do prazo establecido.

C) **Expresión escrita, traballo na aula e traballo na casa (20%):** farase unha media entre todos os traballos de expresión escrita realizados tanto na aula como na casa. Non se aceptarán entregas de traballos fóra do prazo establecido.

D) **Comprensión lectora e observación na aula (10%):** inclúe os libros de lectura obrigatoria, que será un por avaliación. Non se realizarán recuperacións dos libros de lectura. A comprobación da lectura dos libros realizarase

mediante un traballo facilitado polo docente.

No caso da materia de Xeografía e Historia os criterios de cualificación serán os seguintes:

A) Probas escritas (60%): faranse un ou dous exames por avaliación, nos que se incluírán os contidos vistos na aula.

B) Traballos de investigación e exposición dos mesmos, tanto individuais como grupais (40%): faranse exposicións orais de traballos de investigación propostos polo profesorado. Non se aceptarán entregas de traballos fóra do prazo establecido.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas correspondentes, aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas. Esta nota redondearase a partir do 0,55 ata o número seguinte. Para obter unha avaliación positiva en cada avaliación o alumnado deberá presentarse a todas as probas escritas (en caso de causa de forza maior debe presentar o xustificante pertinente - médico ou calquera outro que teña peso ou validez - para ter dereito a repetilas noutra data).

Cada unha das asignaturas representa un 25%, polo que a suma de todas as notas individuais en cada unha delas, de maneira ponderada, sumará o 100% do ámbito sociolingüístico:

Lingua castelá (25%) + lingua galega (25%) + xeografía e historia (25%) + lingua inglesa (25%) = 100%

Na cualificación final, para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior, tendo en conta o conxunto das actividades de avaliación e de recuperación, se é o caso, sendo as probas escritas só unha parte delas.

Se no transcurso de calquera proba se observa que calquera alumna/o manipula chuletas, teléfonos móbiles ou calquera outra fonte de información allea a eles mesmos, isto terá como consecuencia a obtención unha cualificación de 0 puntos en dita proba.

O alumnado cunha avaliación suspensa, se a media aritmética das tres avaliacións dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5 puntos e ademais mantivo unha actitude de traballo e interese, non terá que realizar ningunha proba escrita. No suposto de que teña unha avaliación suspensa, se a media das tres avaliacións non dá como resultado unha cualificación igual ou superior a 5, realizará unha proba escrita cos contidos desa avaliación. A materia quedará superada cunha cualificación igual ou superior a 5. No caso do ámbito sociolingüístico, aplicaranse estes criterios para cada asignatura por separado, porcentualmente, para conseguir un 5 e superar o ámbito.

Criterios de recuperación:

Polo que respecta á materia de Inglés, para aquel alumnado que suspenda algunha ou as dúas primeiras avaliacións, propoñeranse actividades de repaso e reforzo para asegurar que poidan chegar a cumprir os obxectivos finais. Será a profesora da materia quen proporcione as actividades e faga o seguimento deste alumnado. A AVF estará orientada á consecución dos obxectivos por parte deste alumnado con actividades de repaso e reforzo, mentres que o alumnado que xa superara a materia fará actividades de ampliación da mesma. Para lingua estranxeira, ver apartado "Recuperación das materias pendentes".

Durante o curso, no caso dalgunha avaliación suspensa das materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Xeografía e Historia, a profesora facilitará a recuperación mediante probas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo do segundo e terceiro) e, unha vez realizado o terceiro, para facilitar a consecución dos obxectivos do curso. Así mesmo, aquel alumnado aprobado, pero que non estea satisfeito cos resultados dalgunha das avaliacións, tamén poderá presentarse a esas probas na procura da mellora destes. Neste último caso, terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta. A nota desas probas estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese 60%.

Se unha vez realizada/s a/s recuperación/s pertinente/s e tras sometelas á porcentaxe correspondente (apartado anterior), o alumno ou alumna continúa sen acadar unha cualificación igual ou superior a 5, entón terá outra opción de cara a final de curso.

A final de curso o ALUMNADO QUE TEN UNHA NOTA FINAL INFERIOR A 5 terá que recuperar a materia total ou parcialmente (remito ao apartado anterior).

Ver o apartado de "Recuperación das materias pendentes".

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na parte da lingua estranxeira, a profesora que a imparte será a encargada de facer o seguimento do alumnado coa materia pendente, así como de propoñer distintas tarefas.

Dado que o programa de Diversificación curricular se centra na consecución dos mínimos; e que a materia de inglés se considera continua (sendo case imposible adquirir novos coñecementos sen a adquisición previa doutros), todo o traballo da aula servirá para traballar a materia pendente. Ademais, reforzaranse as áreas nas que o alumnado teña máis dificultades con exercicios e explicacións a maiores.

Como esta materia ten contidos progresivos, a cualificación positiva dunha avaliación implicará a superación da materia pendente da avaliación anterior. Asemade, a superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar unha proba extraordinaria, no mes de maio. Alén disto, o alumnado con materia pendente deberá realizar e entregar cunha periodicidade establecida, exercicios e tarefas propostos polo/a docente. Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso.

- A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE RECUPERACIÓN

Tendo en conta que nas aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso para as etapas de ESO e de Bacharelato, as actividades lectivas van desde o 11 de setembro ata o 21 de xuño inclusive (á excepción de 2 Bacharelato). Ademais, concrétase que a sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo de ESO coincidirá no tempo coa sesión de avaliación final do mesmo. Porén, decidiuse que nos últimos días de xuño vense realizar tarefas especialmente dinámicas e comunicativas para que o alumnado repase os contidos impartidos ó longo do curso e sempre da forma máis amena posible e que serán calificadas dentro do baremo de traballo na aula.

A finais de xuño, e antes da avaliación vaise realizar un exame final cuxo obxectivo é que sirva para que o alumnado ca materia non apta poida recuperar a materia e para aqueles alumnos aptos poidan mellorar a súa cualificación final. Neste último caso non se terá en conta a nota se é máis baixa, só se a nota e superior á de exames anteriores. De este xeito, non poderán considerar a proba como unha forma de penalización, mais ben faise para beneficiar ao alumnado.

Por outra banda, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia ou pola titoría dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis rixidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.
 - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros

de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

Aqueles alumnos e alumnas que teñan a materia de Lingua Castelá de 2º da ESO pendente terán a posibilidade de superar a materia por dúas vías:

-En primeiro lugar, recibirán un boletín de actividades que deberán realizar e entregar como fecha límite o 15 de decembro (primeira parte) e o 19 de abril (segunda parte) para a súa valoración e corrección por parte da profesora do curso actual, que será a que se encargue do seu seguimento. Estas actividades suporán o 70% da cualificación final da materia pendente. Por outro lado, o alumno ou a alumna deberá realizar un exame de recuperación no mes de maio que suporá o 30 % da cualificación final.

- En segundo lugar, se por esa vía non superan a materia, teñen a posibilidade de recuperala aprobando o ámbito lingüístico en xuño.

Os contidos dos boletíns serán os seguintes:

- Boletín 1

- Coñecemento da Lingua: Substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo e as palabras invariables.
- Educación literaria: Xénero narrativo.
- Comunicación: comprobarase a adquisición da competencia lectora a través dun texto con preguntas e para a expresión escrita realizará un texto narrativo.

- Boletín 2:

- Coñecemento da Lingua: Relacións semánticas entre as palabras. Linguaxe, lingua, fala e dialecto. Os complementos do predicado.
- Comunicación: comprobarase a adquisición da competencia lectora a través dun texto con preguntas e para a expresión escrita realizará un texto descritivo.
- Educación literaria: Xénero lírico e xénero dramático.

A proba escrita terá a seguinte estrutura:

---- Comprensión e expresión escrita ou multimodal: resumo dun texto ou esquema, comentario ou creación dun texto pautado. (2 puntos).

---- Unha pregunta sobre as linguas e os seus falantes ou sobre o tema de comunicación (2 puntos).

---- Dúas preguntas de reflexión sobre a lingua (3 puntos).

---- Dúas preguntas de Literatura (3 puntos).

A data desta proba será fixada pola xefatura do departamento. A cualificación que constará será a nota desta proba escrita unha vez aplicado o redondeo, a partir de 0.5 aproxímarase ao punto seguinte sempre que se dea o caso de que a nota sexa igual ou superior a 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Este grupo está incluído dentro do programa de Diversificación Curricular, que está destinado a aquel alumnado que, por causas diversas, tivo dificultades para acadar os obxectivos propostos en cursos anteriores. Neste programa, intégranse as distintas materias en ámbitos, para lograr unha aprendizaxe máis integrada e globalizada e marcando obxectivos mínimos imprescindibles.

Como punto de partida, teremos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender.

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso. Polo tanto, a índole das actividades propostas será diversa, intentado propñer distintas formas de aprender e traballar os contidos segundo as características individuais de cada alumno/a.

- A motivación para aprender.

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguira. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a escolma dos temas incluídos neste curso, tivéronse en conta non só o punto de vista da profesora, senón tamén os gustos e intereses do alumnado, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna.

- Os estilos de aprendizaxe.

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienzudamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, inclúense breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática aprendida, complementado con repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

- Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. As actividades están graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control. Ao finalde cada unidade, a profesora proporciona ao alumnado unha rúbrica para que se autoavalíen. A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X			X
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		X	X		X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X				X
ET.8 - Igualdade de xénero			X				X	
ET.9 - Creatividade				X				X
ET.10 - Educación de calidade								X
ET.11 - Saúde e benestar		X			X			
ET.12 - Producción e consumo responsábeis					X	X		
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres e vida submarina								
ET.14 - Acción polo clima	X						X	
ET.15 - Redución das desigualdades					X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual				X	X			
ET.4 - Competencia dixital		X		X				
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X					

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico						X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X				X		
ET.8 - Igualdade de xénero							X	
ET.9 - Creatividade			X				X	
ET.10 - Educación de calidade			X					
ET.11 - Saúde e benestar							X	X
ET.12 - Produción e consumo responsábeis				X				
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres e vida submarina								X
ET.14 - Acción polo clima					X			
ET.15 - Redución das desigualdades								

	UD 17
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	
ET.4 - Competencia dixital	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico	
ET.7 - Educación emocional e en valores	
ET.8 - Igualdade de xénero	
ET.9 - Creatividade	
ET.10 - Educación de calidade	
ET.11 - Saúde e benestar	
ET.12 - Produción e consumo responsábeis	

	UD 17
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres e vida submarina	
ET.14 - Acción polo clima	
ET.15 - Redución das desigualdades	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro en Inglés	Asistencia a unha obra de teatro en Inglés.		X	
Actividades na aula cun asistente de conversa nativo.	Os alumnos traballarán en actividades diversas centradas na expresión e comprensión oral co asistente de conversa.	X	X	X
Saída ó teatro	Asistencia a unha obra de teatro			X
Celebración de efemérides como o Día do Libro	Coa celebración desta data, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras, actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas.		X	
Escritura creativa	Esta proposta implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.	X	X	X
Participación en concursos literarios da Comunidade ou a nivel nacional.	Participación en concursos literarios da Comunidade ou a nivel nacional.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Metodoloxía empregada
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporcione información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informe ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe. O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

Ao remate de cada trimestre farase unha revisión da PD tendo en conta diferentes aspectos. Revisarase a data de inicio e final das UD para ver se o número de sesións previstas se corresponden coas realizadas, comprobando tamén o grao de cumprimento da PD por medio dos indicadores de logro, que son os seguintes:

1. Conseguese acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD.
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento. Faranse ademais propostas xerais de mellora e outras observacións que contribúan positivamente.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Haberá unha información final relativa aos resultados, na que se incluírá unha memoria final da materia na que se fagan constar as propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados